



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n
36410 – O Porriño
☎ 886110414
✉ ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es



galicia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

4º E.P.

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DA RIBEIRA

**MESTRES: MONSERRAT LOMBA BORRAJO
ALBERTO PÉREZ AMENEIRO
FRANCISCO JAVIER JUNCAL SOAGE**

DATA: MAIO DE 2020



ÍNDICE

- 1. Introducción**
- 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Actividades do 3º trimestre; Materiais e recursos.**
- 5. Metodoloxía**
- 6. Información e publicidade.**



1. **INTRODUCCIÓN**

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO 2019/20

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- **Decreto 463/2020, de 14 de marzo**, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática).
- **Orde EFP/365/2020, de 22 de abril**, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional).
- **Instrucións de 27 de abril de 2020** para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.



2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (Montserrat Lomba Borrajo)		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
	Aplica as normas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios).	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCA
	Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía e como gozo persoal.	Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
	Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA



Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria.	• CCL
	Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.	• CCL
	Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas.	• CCL • CAA
Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....	• CCL • CD • CAA
	Identifica, suxeito e predicado	• CCL
	Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. Reproduce textos ditados sinxelos.	• CCL
Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos.	Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.	• CCL • CSC
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, homófonas, compostas e palabras derivadas e da mesma familia na expresión oral e escrita.	• CCL
	Identifica nun texto substantivos, adxectivos, verbos, artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos.	• CCL



ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA (Montserrat Lomba Borrajo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSEIEE
	Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...)	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
	PUtiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, homófonas, compostas e palabras derivadas e da mesma familia na expresión oral e escrita. articipa no traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA
		<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA
Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	Amosa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE



Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, ilustracións e textos.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. Identifica, suxeito e predicado.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE • CMCT
Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio e en voz alta.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. Elabora o texto de xeito creativo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA
	Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, signos de exclamación e interrogación).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
	Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSIEE
Utilizar recursos gráficos e que faciliten a comprensión dos textos.	<p>Usa recursos gráficos (ilustracións, gráficos) para facilitar a comprensión dos textos.</p> <p>Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSIEE



Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
	Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas e aplicando as normas de acentuación.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
	Identifica nun texto substantivos, adxectivos, verbos, artigos, demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
	Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en silencio e en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC
Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC



ÁREA DE MATEMÁTICAS (Montserrat Lomba Borrajo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Analiza e comprende o enunciado dos problemas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCT • CAA
	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: comproba datos, realiza as operacións utilizadas e revisa os resultados.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA • CSIEE
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas.	Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 100.000.000.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CCL
	Aproxima números á decena, centena, millar, decena de millar e centena de millar.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT
	Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA
	Realiza cálculos numéricos coa operación de división de dúas cifras na resolución de problemas contextualizados.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCT • CAA



Resolver cálculos e problemas sinxelos.	Resolve operacións de cálculo mental.	• CMCT
	Realiza problemas sinxelos con números enteiros.	• CMCT • CAA
Coñecer os números decimais e as fraccións.	Realiza operacións básicas con números decimais. <u>Convirte números decimais en fraccións e viceversa</u>	• CMCT
Recoñecer as potencias como multiplicación de factores iguais.	Realiza operacións con potencias. Resolve problemas con números decimais e potencias.	• CMCT • CAA • CSC
Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.	• CMCT • CAA
	Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.	• CMCT • CAA



Área de Educación Artística (Plástica) (Montserrat Lomba Borrajo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Comp. Clave
Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos.	Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaa.	CCEC, CSIEE.
	Debuxa aspectos da vida cotiá.	CCEC, CSIEE.
Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores.	Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	CCEC, CCL.
		CCEC.
Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos)	Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades	CCEC, CSIEE, CCL.
Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.	CCEC.
		CCEC.
Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	CCEC, CSC.
		CSC.
		CSC.
Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	CCEC, CSC.
		CCEC, CSC.
		CCEC, CSC.



Área de Valores Sociais e Cívicos. (Montserrat Lomba Borrajo)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Compet. Clave
Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	CSC, CSIEE.
	Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas, expresando propostas de mellora.	CSC, CAA, CSIEE.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas.	CSIEE, CSC.
	Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas.	CSC, CCL.
Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.	CCL, CSC.
	. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.	CCL, CSC, CAA, CSIEE.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as	Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.	CSC.
Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	Forma parte activa das dinámicas do grupo.	CSC, CSIEE.
	Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC, CSIEE.
	Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras.	CSC, CSIEE.



3. **AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación directa do traballo diario. -Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. -Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). -Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial. -Observación indirecta da entrega de tarefas por parte do alumnado.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libretas e traballos, escritos e online, do alumnado. - Caderno de anotacións do profesorado (recollida de evidencias da evolución do alumno). - Probas escritas obxectivas de desenvolvemento e progreso. - Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes, proxectos,...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas das tarefas propostas polo profesorado.
Cualificación final	A cualificación final detállase no cadro presentado a continuación.

PORCENTAXE NA NOTA FINAL

1.ª avaliación	40%
2.ª avaliación	50%
3.ª avaliación	10%*
Cualificación total	



* Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.

4. **ACTIVIDADES 3º TRIMESTRE. MATERIAIS E RECURSOS**

Actividades do 3º trimestre		
Actividades	<p>Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave.</p> <p>Actividades de repaso: sobre os contidos traballados na aula anteriormente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - LINGUA CASTELÁ: comprensión oral e escrita de lecturas, xogos de vocabulario, exercicios de expresión escrita, ortografía e de gramática, descrições, memorizar poesías, compoñer poemas, fichas, ditados, lectura dramatizada, actividades online, buscar información na web para facer traballos, etc. - LINGUA GALEGA: exercicios de expresión escrita, de ortografía, de gramática comprensión oral e escrita de lecturas, xogos de vocabulario, de, descrições, noticias, memorizar/compoñer poemas, fichas, ditados, lectura dramatizada, actividades online, buscar información na web para facer traballos, etc. - MATEMÁTICAS: cálculo de operacións básicas, resolución de problemas, cálculo mental, gráficas, fraccións, decimais, series de números, comparación de números, exercicios de lóxica, xogos e retos matemáticos, tarefas na web, etc. - VSC: ver vídeos que traten os valores sociais e cívicos, lecturas e posterior comentario, fichas, debuxos, debates, buscar información na web para facer traballos etc. - PLÁSTICA: tarefas online, retos dos obradoiros, debuxos, colaxes (con diferentes materiais e técnicas plásticas), murais, postais, estampaxes, reprodución de debuxos , etc. 	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 13 DE 26	CENTRO: CURSO: MATERIA:



	<p>Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos tratados na aula para fixalos.</p> <p>Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense algunha tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.</p> <p>Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación pois no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Puxemos a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que podan continuar dende a casa o traballo iniciado nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenadores - Libros e caderniños. - Outros materiais.... <p>As TICs son un elemento fundamental nestes momentos, tanto para comunicarnos co alumnado e familias, como para que podan continuar traballando na casa. Os recursos que estamos empregando son dixitais: ordenadores e correo electrónico, Abalar Móbil e contacto telefónico, para resolver dúbidas, mandar tarefas e traballos, comunicacións, etc...</p> <p>Os materiais que o alumnado precisa para seguir a súa aprendizaxe nestes momentos son: un equipo informático con conexión a internet para ver as tarefas colgadas na páxina web do centro e material escolar de escritorio (libreta, folios, lapis e bolígrafo, rotuladores ou lapis de cores, tesoiras, pegamento...).</p> <p>Proporciónanse recursos on-line para facilitar as tarefas do alumnado.</p> <p>Os recursos didácticos con contidos e información son aportados nas indicacións da tarefa mediante fichas, direccións web ou deben ser investigados polo alumn@ na web (se así o propón a actividade).</p>



5. **METODOLOXÍA**

Metodoloxía

Medidas adoptadas para continuar o proceso educativo

Adaptacións metodolóxicas

Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.

Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado, en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poda ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición..

Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 15 de abril coa axuda de Protección Civil do concello do Porriño e, aproveitando a súa presenza, entregáronse 6 ordenadores E-dixgal que quedaran no centro así como libros de texto.

O concello do Porriño prestou (durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza, novamente, de Protección Civil.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 15 DE 26	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	-----------------	-------------------------------



6. **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto cos familias mantense a través do correo electrónico e especialmente do teléfono cunha frecuencia case diaria.</p> <p>Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex (entre o profesorado), correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo reúne semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...). Falamos a diario coas familias e cos/as alumnos/as e, ademais, o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden.</p>
Publicidade	A través da páxina web do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n
36410 – O Porriño

☎ 886110414

✉ ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es



2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles **CIENCIAS NATURAIS (ALBERTO PÉREZ AMENEIRO)**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	CAA, CCL, CMCCT, CSIEE
Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	CCT, CCL
Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CMCCT, CSC, CSIEE
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	CMCCT
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	CMCCT, CSC
Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.	CMCCT
	Identifica sistemas de conservación alimentaria.	CMCCT
	Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.	CMCCT
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT
	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT
	Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	CMCCT, CCL
Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	CMCCT



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n
36410 – O Porriño

☎ 886110414

✉ ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es



galicia

variados.		
-----------	--	--



3. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.

Instrumentos:

- Libretas e traballos (escritos e online) do alumnado.
- Caderno de anotacións do profesorado.
- Probas escritas.
- Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado.



4. Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:

Actividades de repaso: pequenos traballos sobre os contidos tratados na aula cos que revisar e buscar información na web para confeccionar un atlas gráfico do corpo humano cos sistemas, órganos e funcionamento, unha maqueta dunha pranta coas súas partes e funcións, etc.

Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.

Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.

Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.



Materiais e recursos

Puxemos a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende casa o traballo iniciado nas aulas. Para iso, as TIC, son un elemento fundamental nestes momentos, tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias, como para que poidan continuar traballando na casa.

Os recursos que estamos empregando son dixitais, con

ordenadores que proporcionamos a algunhas familias, así como con Abalar Móbil, co contacto telefónico e por correo electrónico diario con toda a Comunidade Educativa, especialmente, co alumnado e cos familiares.

En termos xerais, os materiais que o alumnado precisa para realizar as tarefas son: un equipo informático con conexión a internet e material escolar de escritorio (libreta, folios, lapis ou bolígrafo, ceras ou lapis de cores, tesoiras e pegamento).

Os recursos didácticos con contidos e información son aportados nas indicacións da tarefa mediante direccións web ou deben ser investigados polo alumnado na web se así o propón a actividade.



CIENCIAS SOCIAIS (FRANCISCO JUNCAL SOAGE)

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencia imp.
Identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos	Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.	CMCCT CCL CAA
Identifica a división de poderes do Estado.	Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	CCL CSC
Localiza en mapas políticos algunhas das distintas comunidades autónomas que forman España.	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.	CCL CSC



Recoñece a hidrosfera como capa terrestre e nomea algunhas grandes masas e cursos de auga	Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	CMCCT CCL CSC
Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia	CSC CAA
Coñece a formación da litosfera	Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	CMCCT CAA CCL
Recoñece as distintas formas de representación da Terra.	Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios	CMCCT CCL CAA



3. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación directa do traballo diario. - Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. - Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións). - Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libretas e traballos (escritos e online) do alumnado. - Caderno de anotacións do profesorado. - Probas escritas. - Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado.

Cualificación final:

1ª Avaliación	40%
2ª Avaliación	50%
3ª Avaliación	10% *

***Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social, dadas as características particulares do noso centro.**



4 Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:

Actividades de repaso: pequenos traballos sobre os contidos tratados na aula cos que revisar e buscar información na web .

Actividades de reforzo: as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos.

Actividades de ampliación: nas actividades citadas anteriormente inclúense pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados.

Actividades de recuperación: os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.

Materiais e recursos

Puxemos a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende casa o traballo iniciado nas aulas. Para iso, as TIC, son un elemento fundamental nestes momentos, tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias, como para que poidan continuar traballando na casa.

Os recursos que estamos empregando son dixitais, mediante a plataforma Edixgal, con ordenadores que proporcionamos a algunhas familias, así como con Abalar Móbil, co contacto telefónico e por correo electrónico diario con toda a



Comunidade Educativa, especialmente, co alumnado e cos familiares.

En termos xerais, os materiais que o alumnado precisa para realizar as tarefas son: un equipo informático con conexión a

Internet e material escolar de escritorio (libreta, folios, lapis ou bolígrafo, ceras ou lapis de cores, tesoiras e pegamento).

Os recursos didácticos con contidos e información están á disposición do alumnado na plataforma Edixgal, son aportados nas indicacións da tarefa mediante direccións web ou deben ser investigados polo alumnado na web se así o propón a actividade.